

COMENTARIOS DE ALUMNADO DE 4º ESO A: CURSO 2008-2009

Este libro gustoume aínda que pode chegar a ser un pouco pesado. Paréceme que é un libro que ten intriga, aventura e un pouco de amor entre David e Annika. Gustoume moito as discusións e distintas opinións que teñen estes dous sobre o tema das cartas entre Andreas e Emilie. Annika vese claramente que vai de parte de Emilie, deféndea por riba de todo e cree que tivo que ter unha vida moi desgraciada por todo o que lle pasou, pero David cre máis en Andreas, nas súas teorías. Eu decántome máis pola idea de Annika. Tamén me parece moi gracioso que Xonás, o irmán de Annika non lle importa nada diso, do romance entre Andreas e Emilie, a el interésalle máis a búsqueda da estatua exipcia. Tamén creo que é interesante o padre Lindroth, pois non é normal que un home adulto axude a uns nenos nunha aventura na que a maioría dos adultos non a crerían, pero el era distinto, como un neno.

A parte que máis me gusta do libro é, por suposto, cando se descobre o misterio, que a estatua inglesa era a de..., que a levará..., a Inglaterra á familia Ramsfield. É unha historia curiosa e paréceme moi orixinal. O que menos me gustou foi o principio pois parecía que o libro ía ser un pouco aburrido, pero dende que entran na habitación de veránponse máis interesante. O que nunca me imaxinara foi que Xulia, a que chamaba moitas veces a David para xogar o xadrez ... e que lle dixera todo o ..., claro que despois de que o descubrisen eles. Creo que é un bo libro e que se le rápido aínda que é un pouco gordo. (**BLANCA**)

Tres amigos que chegan un día a unha casa, unicamente para regar e coidar as prantas mentres a súa dona está fora. Así comeza a aventura de Xonás, Annika e David... Ningún deles pensara que unha casa podería gardar tantos misterios e recordos, pero sorpréndense ao comprobar que non só e iso, senón que detrás dun reloxo que non funciona, unhas pezas de xadrez, uns miróns que vixían a casa a todas horas e unhas cartas de fai moito tempo poden levarlos a vivir un verán cheo de aventuras que os levará a descubrir o misterio que gardan as letras de Emilie e Andreas. Unha historia de amor do pasado na que David e Annika se volcan, e unhas estrañas estatuas procedentes dunha viaxe que se fixo fai moito tempo das que todo o mundo escapaba, xa que pensaban que tiña un maleficio ou algo semellante e que se interesa Xonás ata tal punto que, xunto ao padre

Lindroth consegue descifrar todo o misterio que envolve a historia. Quen puidera pensar que ao final a estatua fora levada a Inglaterra por ...? Ou que Xulia, que mantíña case todos os días unha conversación telefónica con David lles axudara a seguir adiante coa investigación ...? A verdade é que ten a súa parte divertida e interesante, pero non foi un dos libros que máis me gustou, pareceume un pouco pesado e monótono, sobre todo ao principio, o final fíxoseme máis entretido. É fácil de ler, eu non tardei moito tempo, aínda que iso si, lía todos os días para non perder o fio. **(MAR)**

Xonás, Annika e David. Estes tres nenos tan aventureiros son os protagonistas da historia, que xunto con Don Lindroth, o párroco da igrexa de Ringaryd, descubrirán algo tan fantástico que chama a atención de toda a xente do mundo. É unha historia de misterio, aventuras, risco e moita emoción. Cada anaco que tiña libre durante o día, obrigábame a ler, tiña que saber o que ía ocorrer no seguinte capítulo ou na folla que deixara sen rematar. Agora, cada vez que me pregunten cales son os meus libros preferidos, este título atoparase nesta lista. A verdade, é que merece unha boa opinión pola miña parte. **(SARA A)**

O libro trata de tres rapaces, Xonas, David e Annika que se envolveron nun misterio da casa. As cartas de Emilie e Andras fascinan a David e Annikas. As súas opinións e puntos de vista das cartas. Annika polo lado de Emilie e David polo lado de Andreas. A verdade que a parte das cartas e das que máis me gustan, son tan apaixonantes e ás veces un pouco tristes. E por outro lado está Xonás que non pode parar de pensar na estatua, e pensa que as cartas son o de menos. David, tamén por outra banda céntrase na selandra e nas chamadas de Xulia que tamén é un caso curioso. As partidas que manteñen por teléfono axúdanos a descubrir o misterio e serviu de moita axuda como tamén o fixeron os escaravellos. O curioso é que despois o final cando David decide chamala e contesta o home, e lle di que ..., a verdade que iso non o esperaba. A parte que máis me gustou foron as cartas de Emilie e Andres como xa dixen máis arriba. E os puntos de vista que mantiñan os rapaces. Despois o tema de David e as chamadas de Xulia e por último o de Xonás, a verdade iso se fixo bastante aburrido, polo de encontrala e que despois non era, así durante moito tempo, iso se fixo bastante aburrido e o final resulta que ... **(BÁRBARA)**

Os escaravellos voan á tardiña é unha novela de intriga, misterio e tamén con páxinas de amor, que fala dunha aventura protagonizada por tres amigos, chamados Annika, Xonás e David. Os tres rapaces deciden coidar o xardín dunha casa durante todo o verán, e esta será unha aventura inolvidable para os tres, e chea de moito misterio e a cal o obxectivo principal é a busca dunha estatua exipcia de importancia histórica. A parte que máis me gustou, non foi ningunha en concreto senón cada vez que descubrían algo relacionado coa estatua e que os levaría a estes amigos a descubrir o paradiro da dita estatua. O que menos me gustou, quizais fora o final, os protagonistas non acadan coa estatua, posto que se atopa fóra do pobo; e aínda por riba, ... Xulia, unha coñecida dos tres amigos e aos que tamén lles axudou a descubrir moitas cousas. É un dos mellores libros que teño lido ata agora e un dos poucos ao que non lle encontro ningunha pega. Mestura amor con misterio e partes de acción que fan do libro unha novela moi entretida e divertida, o cal fai que a súa lectura sexa comprensible, doada e moi entretida. **(ELENA)**
